



¿CÓMO FUNCIONA?

Unha persoa interesada en intercambiar tempo anótase ó Banco de Tempo, invirte horas en ofrecer un servizo ou actividade e a cambio demanda horas doutros servizos que necesite. A unidade de intercambio é a hora, independentemente do servizo que se ofrezca ou reciba.

Neste sistema **non teñen porqué coincidir a persoa que da coa que recibe**. É dicir, o receptor dun servizo deberá ao banco (non ao prestador) o tempo equivalente, podendo beneficiarse dese tempo calquera membro do banco.

O Banco de Tempo encargase de poñer en contacto ás persoas participantes chegando a acordo sobre a hora e día de levalos servizos a cabo.

¿PARA QUÉ SERVE?

- Para usar dunha forma máis satisfactoria os nosos tempos.
- Compartir coñecementos e experiencias.
- Establecer relacións entre persoas de distintas idades, sexos e culturas.
- Facer actividades que che gustan.
- Ensinar e aprender.

O fin último é facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e aproveitar o tempo libre para realizar actividades que doutra forma non se farían.

¿QUÉ SERVIZOS PODO ATOPAR?

Poderanse intercambiar servizos puntuais relacionados con actividades da vida diaria como:

- Desprazamento puntual en coche.
- Coidado puntual dun neno.
- Conversa cun maior.
- Acompañamento no fogar.
- Ensino de receitas de cociña.
- Recados.
- ...



¿A QUÉ ME COMPROMETE?

- A ofrecer algún servizo útil ós demais e a pedir algún que as demais persoas ofrezan.
- A aceptar as normas de funcionamento e participar.
- A comunicalos intercambios e envialos cheques utilizados.



¿QUEN PODE APUNTARSE?

¡Todo aquel que queira!

A única condición e que estés empadroadado no Concello de Zas e sexas maior de idade.

Tratase de fomentar a cooperación entre homes e mulleres, entre persoas de diferente idade e condición, entre autóctonos e recién chegados... co fin de intercambiar tempo e habilidades.

Todo o mundo da e recibe e a contribución de cada un valorase por igual. Non importa a idade, sexo ou raza, todos temos algo que ofrecer.

¿QUÉ É?

É un sistema de intercambio de habilidades e coñecementos entre veciños que axuda a resolver problemas da vida cotiá onde a unidade de intercambio é o tempo.

O Banco de Tempo é un banco coma calquer outro (ten sucursais, horarios, cheques, etc) a única diferenza é que aquí só se pode depositar tempo que se retira no momento de ser utilizado.

¿QUÉ NON É?

- ✚ **Non é un voluntariado**, xa que no Banco de Tempo non só damos, senón que tamén recibimos algún servizo a cambio do que ofrecemos.
- ✚ **Non é unha forma de realizar traballos** ou servizos baratos, encubertos ou **remunerados**.



!!!INFÓRMATE SEN COMPROMISO!!!:

Cháma o teléfono do Concello: **981.70.83.03**
Ou visita a sede do Banco de Tempo, nas oficinas do Concello, de **9:00 a 14:00**.

Colabora:



Concello de Zas

BANCO DE TEMPO



CONCELLO DE ZAS

¡NON PERDAS TEMPO!
¡APÚNTATE!

